

## Reto tecnolóxico 4

*Departamento que propón o reto:*

- Consellería de Sanidade

**1.- Áreas/temas nos que o departamento quere investigar/innovar co obxectivo de mellorar a prestación de servizos públicos a través de UAVs .**

Dentro da actividade de Urgencias Sanitarias de Galicia - 061 hai que ter en conta que existe unha operativa habitual que implica tanto a resposta ás urxencias e emerxencias sanitarias que chegan, como a consulta e asesoría médica telefónica. Excepcionalmente preséntanse episodios nos que están implicados múltiples vítimas (incidentes de múltiples vítimas e catástrofes).

Aparellos que sexan capaces de achegar material sanitario ás zonas afastadas ou illadas en situacións diversas:

1. Desfibriladores semiautomáticos (DESAS) situados en zonas estratéxicas. Estes aparellos poden ser usados polos primeiros intervenientes (persoas sen formación sanitaria á beira do enfermo) ou poden servir de reposición momentánea aos puntos de atención primaria cando por avaría quedan sen eles.
2. Achegue de material extra, necesario na resolución de episodios masivos (habitualmente recollidos en contedores) desde bases de almacenaxe e intendencia.

Por outra banda, ao noso servizo poderíanlle interesar aparellos utilizables en materia de rescate, de visión integral de escenarios complexos, de procura.....

**2.- Actividades ou procesos intensivos en recursos do departamento susceptibles de mellorar mediante o emprego de solucións baseadas en UAVs .**

No día a día: reforzar a actividade asistencial en zonas afastadas en situación de Parada Cardiorrespiratoria.

Obviamente nesta aplicación débense ter en conta: capacidade e tempo de resposta dos aparellos (dependente tanto de prestacións como de localizacións posibles), e por outra banda da respectiva análise custo-efectividade en comparación con outras modalidades.

Nota: No caso dos DESAS, en función da evolución da tecnoloxía e dos prezos, aínda que nestes momentos se presente como utilidades para achegar zonas afastadas, nun momento determinado poderían utilizarse en cidades para aumentar a capacidade de resposta dos servizos de emerxencia sanitaria.

Na excepcionalidade ten sentido a colaboración con outros organismos (Emerxencias), que xa teñen investimento en tecnoloxías de UAV. Pódense utilizar estes dispositivos para obter perspectivas aéreas de accidentes de múltiples vítimas, facilitar o transporte de material de resolución individual en zonas de difícil acceso, localización de persoas.

Pode ser avaliábel a posibilidade de favorecer a intendencia de equipos pesados (como contedores de catástrofes) en situación de accidente con múltiples vítimas en lugares afastados, onde os recursos móbiles van tardar tempo en chegar.

### **3.- Retos técnicos ou tecnolóxicos que deberían solventar ditas solucións (inclúese neste apartado a integración das solucións nos actuais procesos ou plataformas tecnolóxicas do departamento**

*Para atención in situ:*

- DESAS: Incorporación integrada de electromedicina + transmisión imaxes e voz.
- Para intendencia de material: Capacidade de transporte de non menos de 30 Kg.

*Nos dous casos:*

- Interacción xeoposicionamento
- Voo directo xeorreferenciado sen intervención de piloto.
- Xeralmente con ampla autonomía e capacidade de resposta a grandes distancias.

#### **4.- Equipo xestor e técnico que achega o departamento para colaborar co socio tecnolóxico.**

Urxencias Sanitarias de Galicia - 061 conta cun servizo de sistemas e tecnoloxías da información, con persoal técnico que coñece o funcionamento e as posibilidades da tecnoloxía.

Operativamente, conta cunha central de coordinación, que posúe unha plataforma tecnolóxica e de comunicación avanzada, de deseño propio, desde onde se dá a resposta á demanda asistencial e coordínanse os medios necesarios para a súa resolución. Desde ela desenvólvense desde hai anos actividades relacionadas coa telemedicina e a consulta sanitaria a distancia.

Cóntase tamén cunha rede asistencial propia que transmite actividade a esta Central.

Estamos en disposición de ofrecer a nosa experiencia na pilotaxe de novos proxectos.

Neste proxecto en concreto poden ter implicación directa 1 responsable do departamento de tecnoloxía e cando fose necesario os directores operativos do servizo.

#### **5.- Mellora operacional, optimización de procesos, redución de custos... que espera conseguir coa implantación das solucións baseadas en UAVs.**

Os UAVs poden ser un método complementario da actividade asistencial claramente no campo da diminución de tempos de resposta en áreas afastadas. Nun escenario de maior accesibilidade destes aparellos, mesmo se poderían mellorar os tempos de resposta en caso de parada cardíaca no ámbito urbano.

Poden servir tamén para apoiar a actividade dos puntos de atención continuada en casos de avarías do material indispensable.

Aplicacións en tarefas de observación, procura e rescate tamén poden ser eficientes estas tecnoloxías, aínda que no seu uso danse importantes sinerxías con outros departamentos e organismos.